

# Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº99/ Ano: 2024 / 1º xornal Mes de decembro/ Estado de Nadal

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)



Contestación do Congreso dos Deputados ao BNG, sobre o futuro inmediato do Faro de Ons. **Páx. 1**



**Especial Xornadas Illas Atlánticas Vigo (I):**  
Importancia das xornadas.  
Programación invernál.  
Creación de folleto.  
**Páx. 3**

**Especial Xornadas Illas Atlánticas Vigo (II):**  
Xornadas de Arqueoloxía Terrestre  
Relatoras: Patricia e Nerea Ruanova.  
*Foto: Parque Nacional*  
**Páx. 4**

**Especial Xornadas Illas Atlánticas Vigo (III):**  
Xornadas de Arqueoloxía Subacuática no PNMTIAG  
Relator: Miguel San Claudio  
*Foto: Parque Nacional*  
**Páx. 5**



Pequeno relato do <Yapeyú> escrito en Aunios pola meca Lolita Aguíñ hai 11 anos. **Páx. 6**




**Papadela de Nadal dos Camaweis en Bueu**  
Na foto o mundialmente coñecido Chayanne, xunto ao incombustible Cesáreo, Mallo e Nene.  
**Páx. 7**



O Faro de Ons e asuntos varios.  
**Páxs. 8-9**

**ONS NA MEMORIA**  
A pesca do polbo e a dorna como protagonista. **Páx. 2**



**XUNTA DE GALICIA**

**COÑECE O TEU PARQUE NACIONAL**  
XORNADAS DE DIVULGACIÓN A CIDADANÍA  
Novembro-Decembro 2024

- **Salvora.** A traxedia do vapor-correo Santa Isabel. Memoria do naufraxio do Tibaric galego. Xosé María Fernández Pazos. Cronista oficial de Ribeira, Hitorribr e ornalista. Venres 15 de nov. 19.30, 20.30. Sala Polivalente do Auditorio Innoval. Ribeira. A Coruña. Prezo: 40. Inscripción previa.
- **Fundamentos para iniciarse na observación da natureza.** Miguel Ángel Fernández Martínez. Escalpoiro. Xestión e información Ambiental. Sáb. 23 de novembro. 10.00, 11.00. Fase teórica. Sede do PNMTIAG en Vigo. Dom. 24 de novembro. 10.00, 11.00. Fase práctica nas Illas Cies. Prezo: 40. Inscripción previa.
- **Mergullándonos no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG).** Cristina Piñeiro Corbeira. BueuCoast Research Group. Facultade de Ciencias, Universidade de A Coruña. Sáb. 23 de novembro. 10.00, 11.00. Fase teórica. Sede do PNMTIAG en Vigo. Dom. 24 de novembro. 10.00, 11.00. Fase práctica nas Illas Cies. Prezo: 40. Inscripción previa.
- **Un balance de catro anos de proxectos arqueolóxicos no PNMTIAG.** Patricia Valle Abad e Nerea Ruanova Alvarez. Investigación e divulgación do grupo IGACI. Universidade de Vigo. Sáb. 30 de novembro. 10.00, 11.30. Sede do PNMTIAG en Vigo.
- **Arqueoloxía subacuática no PNMTIAG. Realidades e perspectivas.** Miguel San Claudio Santa Cruz. Doutor en Ciencias da Antiquidade. Sáb. 30 de novembro. 12.00, 13.30. Sede do PNMTIAG en Vigo. Prezo: 00. Inscripción previa.
- **Cortegada no tempo.** Mariánxela Álvarez Burela. Xestora do patrimonio cultural. Sáb. 30 de novembro. 16.00, 17.30. Sede da Asociación Galega Carril. Prezo: 40. Inscripción previa.
- **Achegamento á micoloxía no PNMTIAG** Jaime Bernárdez Blanco Díaz. Presidente da Asociación Micológica Brounosa. Membro do Grupo Micológico Galego. Miguel Ángel Lameiro Ríos. Membro da Asociación Micológica Brounosa. Dom. 1 de decembro. 10.00, 11.30. Fase teórica. Sede da Asociación Galega Carril. 12.00, 13.00. Fase práctica na Illa de Cortegada. Prezo: 40. Inscripción previa.



**FARO DA ILLA DE ONS. Petición colectiva para que, agora automatizado, se converta nun MUSEO**  
Resposta do Goberno de España (Congreso dos Deputados) á pregunta realizada sobre a súa utilización futura polo BNG. (28/11/2024)

SECRETARÍA DE ESTADO DE  
CONGRESOS DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL DE REGISTROS Y  
REGISTRO GENERAL  
14 NOV. 2024 20:37:34  
Entrada 48724

RESPUESTA DEL GOBIERNO

(184) PREGUNTA ESCRITA CONGRESO

184/15539 09/10/2024 43133

AUTOR/A: REGO CANDAMIL, Néstor(GMx)

RESPUESTA:

Puertos del Estado agradece el interés por el Faro de Ons y por su conservación manifestado por los colectivos y por la administración local, no siendo viable en la actualidad acceder a lo solicitado. Así lo ha trasladado la Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra a las asociaciones y al Concello de Bueu.

Mediante Orden de 28 de abril de 1994, se adscribió el Faro de la Isla de Ons a la Autoridad Portuaria de Marín para ejercitar las funciones encomendadas para el cumplimiento de los objetivos generales asignados en la normativa vigente (servicio de señalización marítima en el ámbito geográfico que se le asigne), asignación que permanece vigente.

Las ayudas a la navegación resultan fundamentales para su seguridad pues su existencia permite proveer de rutas seguras a la navegación nacional e internacional. Las ayudas a la navegación contribuyen directamente a la seguridad de la vida humana en el mar y favorecen el cuidado del medio ambiente, previniendo y evitando accidentes que puedan provocar la pérdida de vidas humanas o sucesos contaminaciones irreparables por hidrocarburo o cargas peligrosas derramados al océano, entre otros riesgos.

Cada Autoridad Portuaria tiene encargada la gestión del dominio público en la zona geográfica asignada y, en el caso de los faros, es el organismo competente, con autonomía de gestión, para otorgar una concesión en un faro, para los usos permitidos por el Texto Refundido de la Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante (TRLPEMM), previo informe de compatibilidad técnica de Puertos del Estado.

La inminente implantación de la monitorización, automatización y supervisión remota del Faro de Illa de Ons y otras señales marítimas de la Ría de Pontevedra implica una transición para operar en modo automático supervisado desde tierra; pero

ello requiere, en todo caso, de la presencia imprescindible en el Faro de al menos un Técnico de Sistemas de Ayudas a la Navegación. Sus dependencias constituyen un centro de trabajo cuyas características conllevan la existencia de determinados riesgos, lo que obliga a arbitrar medidas preventivas inspiradas en criterios de rigor y prudencia, garantizándose con ello su conservación.

Entre las funciones que ejerce la Autoridad Portuaria, se encuentra el mantenimiento de sus ayudas a la navegación para garantizar la prestación del servicio de señalización marítima que sirvan para la navegación tanto en el mar litoral español, como de aproximación y acceso a las aguas interiores de la Ría, y en su caso, confirmar la posición de los buques en navegación. Actualmente en el Faro desempeñan su función dos Técnicos de Sistemas de Ayudas a la Navegación, encargándose de las labores de control e inspección de los equipos de señalización y del resto de equipos auxiliares.

No obstante, lo anterior, la Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra, consciente del interés que suscita el Faro y su historia, estableció un régimen de acceso limitado a sus instalaciones mediante unas normas que permiten el acceso controlado de visitantes, que deben cumplir diversos requisitos acordes a la actividad que se desarrolla en el Faro, en un marco que permite compaginar la integridad de las instalaciones y del servicio esencial que se presta con el acceso de personas interesadas ajenas a la entidad.

La Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra ha trasladado a la administración local y a las asociaciones y colectivos del municipio que, en este momento, no resulta viable acceder a lo solicitado, entendiéndose que no procede desafectar la instalación ni destinarla a un uso público y cultural para convertirlo en un museo, por los motivos argumentados anteriormente.

Puertos del Estado ha creado un grupo de trabajo con la Dirección General de Patrimonio y Bellas Artes, del Ministerio de Cultura, que está impulsando la protección de los faros históricos, así como de los elementos que los integran, tales como mecanismos, ópticas, planos, documentos, etc. Asimismo, con el fin de contribuir al conocimiento del legado de los fareros, Puertos del Estado imparte una formación continua de tipo técnico en materia de ayudas a la navegación y, más concretamente, en materia del conocimiento del funcionamiento de los faros.

De momento no está previsto ningún proyecto para uso hotelero en el Faro de Illa de Ons.

Madrid, 14 de noviembre de 2024

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL  
14 NOV. 2024 20:37:34  
Entrada 48724

**COMENTARIO (2/12/2024)**

Persoas particulares e colectivos posteriormente, a medida que os Faros íanse automatizando, quedando baleiros de persoal (fareiros) e, nalgúns casos, vendo o mal estado no que ían converténdose a medida que pasaba o tempo, comezaron a dar ideas para que estes emblemáticos espazos, que seguen co seu cometido, non sufran un deterioro que leve á administración a gastos enormes de mantemento ou a ser vandalizados.

Xurdiron ideas, como convertelos en espazos culturais, dependentes de concellos, deputacións ou algunha consellería. Pero, as diferentes Autoridades Portuarias, inclináronse cara a convertelos en hoteis ou espazo de restauración. Esta posibilidade, entre as propostas, podería ser factible, pero no caso da Illa de Ons, podemos asegurar que ese campo xa está perfectamente cuberto, para as necesidades da illa, por iso, apostamos por unha dedicación cultural, tendo en conta que esta illa pertence ao único Parque Nacional galego.

Dende hai un ano, o Faro de Ons está automatizado, igual que o da súa veciña Sálvora. O de Sálvora quedou sen persoal (fareiros) e dende a Autoridade Portuaria, xunto coa Consellería de Medio Ambiente e a Axencia de Turismo, buscaron unha alternativa, coidamos que adecuada nun principio, para a súa recuperación como é convertelo nun: **Centro de Observación Turístico-Científico**, e a Xunta vai a investir nel 1'5 millóns de euros na súa rehabilitación.

Consideramos, repito, nun principio, unha excelente idea para unha illa, tamén pertencente, ao Parque Nacional.

Tan pronto tivemos noticia de que o Faro de Ons está automatizado e que os fareiros están en proceso de abandonar o seu posto de traballo, e co fin de que este Faro non quede desatendido e se lle busque unha alternativa de uso adecuada, foi o motivo polo que varios colectivos, particulares,...., o concello de Bueu e mesmo algún partido político, comezaron unha primeira reivindicación dando ideas e buscando alternativas para un uso cultural.

Coido que colleron á Autoridade Portuaria de Marín “co pé cambiado”, totalmente desprevidos e pensando que, como o de Sálvora, ninguén ía a reivindicar un uso especial para este Faro. Á vez, os colectivos, vendo o que ocorre cos Faros do seu redor, convertidos en hoteis, restaurantes ou bares e pola necesidade cultural que ten Ons, non dubidaron en poñerse as pilas e comezar a solicitar un uso adecuado a un Parque Nacional.

Os colectivos, saben perfectamente da necesidade de seguir co seu uso como Sinal Marítimo e que, neste intre, hai dous fareiros que seguen por quendas, acudindo a Ons para algunha tarefa de mantemento, pero tamén saben que iso ten data de caducidade e despois habrá que buscar unha solución ao seu uso.

As actividades dun Parque Nacional son moitas e posuír un lugar para poder desenvolverlas, e máis nunha illa, é algo imprescindible, polo que non se debe aceptar que este Faro teña un uso futuro diferente a **Espazo Cultural**, por iso seguiremos pedindo á Autoridade Portuaria, aos organismo competentes,...., e ao **PARQUE NACIONAL**, que comencen a buscar alternativas culturais a este Faro.



## ONS NA MEMORIA

*Manolo Reiriz e o seu fillo Manoliño* (5/12/2024)

Para este número, escollín esta preciosa foto de Manolo Reiriz (cariñosamente <O Terco>) e do seu fillo Manoliño (cariñosamente <Perrenco>). Por aqueles anos 80 s.XX aínda andaban á pesca tradicional do polbo, neste caso, á arte do “espello”. Aquí regresaban despois dunha mañá de duro traballo.

Non miramos o espello, ía no oco da proa, pero si visualizamos perfectamente os dous “bicheiros” con que os capturaban, un máis grande que outro, segundo á profundidade onde estivera o laño do polbo e tamén, por si aparecía algún peixe que merecera a pena, a “francada”. Interesante é fixarse na posición dos remos que dá un característico vogar nesta embarcación.

O motivo de poñer esta foto é que hoxe, día 5 de decembro de 2024, fai un ano que na sala de actos do Centro de Interpretación do Parque Nacional de Vigo, estreábase o documental “*A última dorna de Ons*” que realizaran Anxo Cabada e Antón Davila.

Este documental, a carón de mostrar diferentes aspectos da illa e dos seus veciños, tiña como finalidade o documentar a pesca tradicional do polbo en Ons e a súa embarcación a dorna.

Como xa teño comentado, era o momento ideal, xa que só queda en Ons unha dorna en activo, un mariñeiro que aos seus 81 anos coñeceu e traballou con todas as artes tradicionais da pesca do polbo e cunha vitalidade que lle permite seguir pescando e, dende logo, ser o protagonista deste documental.

Escrito que nos deixaba, na súa páxina de Facebook, Anxo Cabada, o día 29 de novembro de 2023, cando anunciaba a proxección e estrea do documental: *A última dorna de Ons*.

## Anxo Cabada Alvarez

### A ILLA DE ONS

Ir á illa sempre é un dos privilexios de cada verán, atopar un lugar onde o tempo deixa de ser tempo, perderse nos moitos lugares que atesoura este anaco de terra deitado no mar...se cadra cada un de nós somos unha illa e alí podémonos sentir mais nós.

Pasmar, encontrar, e filosofar na terraza do Checho, é unha maneira de achegarse a sentirse membro da tribu dos namorados da illa, unha atmósfera a do “Checho”, marcada pola sombra do patriarca, aquel home sabio e tranquilo que te recibía sempre cun sorriso e unha ironía contida.

Toparse con Cesáreo, un dos habitantes eternos da Illa, é toparse cunha mirada que agocha todas as mareas dunha vida chea de mar.

Andar e perderse entre o Centulo e o Buraco do Inferno, é toparse nunha natureza que arrecende a mar, que te fai sentir moi cerca de Ulises, de Simbad e mesmo dos contos fantásticos de Cunqueiro, pois a illa está chea de historias agochadas nos seus camiños, que quedaron flotando alá nos anos setenta cando a illa quedou sen a maioría dos seus habitantes, que buscaron a tranquilidade económica no continente.

Subir ó Faro, contornar a maxia deste cíclope luminoso, que semella defender a vida da illa e dun espazo, que ten as súas leis, e que de noite alumea e cartografía as ilusións de todas as persoas i embarcacións que quedan enfeitizados pola súa luz.

Deixar a Illa é deixar un anaco da nosa vida, por eso temos un pouco de nós en Melide, no Chan da Pólvora, no Buraco, no Curro, no Peirao...eses lugares onde sempre fomos rapaces, e donos das horas perdidas, dese tempo que nos fai sentir eternos.

Hai uns anos, escribía este texto sobre a illa, agora temos un documental feito co gran Antón Davila, que conta con imaxes, o arrecendo e o sentimento das xentes e dos lugares de Ons...[#illadeons](#)#illasatlanticas#pontevedra#galicia#





## IMPORTANCIA DAS XORNADAS, PRESENTACIÓNS, CONFERENCIAS, PROXECCIÓNS,..., VISITAS

Os Parques Nacionais deben ser Activos, para así conectar coa sociedade e que esta os coñeza e axude á súa protección.

Dende a creación do Parque Nacional das Illas Atlánticas, en Ons, vimos pedindo a realización de Actividades, sobre todo, dende a posta en funcionamento do seu Centro de Visitantes.

Coidamos que nos últimos anos, no verán, esa actividade vai en aumento, aínda que pensamos que deberían programarse con bastante antelación e dalas a coñecer con tempo, co obxectivo de que as persoas que queiran asistir a elas, poidan tamén programar a súa viaxe e estancia se é necesario.

Sería importantísimo que eses Guías, que anualmente forma o Parque, xunto coas persoas e entidades que realizan proxectos e traballos sobre as illas, neste caso Ons, teñan reunións, uns meses antes do verán, para realizar programas e unha liña de actuación de cara ao verán para poder ofertar aos posibles interesados e que estes programen a súa asistencia.



## PROGRAMACIÓN DO PARQUE INVERNAL

Imos comprobando nestes últimos anos, que os responsables do Parque, durante o outono-inverno, realizan un bo número de Actividades tanto na súa sede en Vigo como nas illas, apoiándose, en moitos dos casos, en asociacións, concellos, universidade,..., e persoas que realizaron algún tipo de traballo ou proxecto sobre as illas.

Esas Actividades teñen un importante seguimento, aínda que sigo pensando que falta máis información sobre elas. Sería necesario crear unha vía de aviso e notificación xunto á xa existente da súa páxina web, por medio da prensa e implantado unha base de datos de persoas, entidades, colectivos,..., que estean interesados en pertencer a ela e estar informados sobre esas actividades, tanto de xeito persoal como para compartilo e comunicalo aos seus amigos, asociados, alumnos, ..., e cidadáns en xeral.



## CREACIÓN DUN FOLLETO, PDF, LIBRO, REVISTA,..., DAS CHARLAS, CONFERENCIAS, RELATORIOS,..., QUE DESENVOLVE O PARQUE NACIONAL

Ao longo de todo o ano, o Parque Nacional realiza e programa unha serie de xornadas, conferencias, presentacións, encontros,..., que son de gran interese e seguidos por numeroso público, como puiden comprobar nas últimas Xornadas co título: *Coñece o teu Parque Nacional*.

Sería moi interesante que os narradores, historiadores, conferenciantes,..., rematado o acto, entreguen ao Parque Nacional un informe do relatado para que este, posteriormente, realice un caderno ou publicación do tratado nesa actividade.

Ese, chamémoslle, boletín, xa sexa en papel ou en PDF colgado da súa páxina web, daría moita información e cubriría un oco, que beneficiaría a aquelas persoas que, por los motivos que fose, non puideron acudir ao acto, aínda que lles interesaba.

Moitas veces, unha pequena sinopses sobre os asuntos tratados, poden axudar a mergullarse no tema e crear interese cara el.

Un exemplo o temos no PDF creado polo Parque en relación as XVII xornadas de investigación na rede de Parques Nacionais, onde se presentaron resultados e fixeron un resumo das comunicacións, onde podemos saber quen as levou a cabo e ata os seus enderezos electrónicos para comunicarse con eles/as.



Fotos: de arriba-abaixo: Cedidas Parque Nacional.  
-Charla en Ons. Colonización. Centro Cívico.  
-Xornada de Arqueoloxía no Parque, en Vigo.  
-Xornada Micolóxica en Cortegada  
-Charla sobre Cortegada en Carril.





## XORNADAS DE ARQUEOLOXÍA

Cun importante número de asistentes celebrouse o sábado 30 de novembro estas relevantes charlas sobre arqueoloxía terrestre e marítima das illas do Parque. Son as primeiras ás que acudo e puiden constatar o atractivas que foron para todos aqueles que temos interese pola historia das illas. Comezaron falando as arqueólogas e membros do Geaat, Patricia e Nerea, que intercambiándose as temáticas a tocar, explicaron o <Balance de catro anos de proxectos no Parque Nacional das Illas Atlánticas>.

Teño que declarar a miña alegría, extensible a todos os membros de Pineiróns, cando, nunha das primeiras fotografías expostas, onde se trataban os antecedentes do patrimonio cultural das illas, na parte dedicada a: Publicacións científicas e investigacións, sae nomeada a Revista Cultural AUNIOS, da que son coordinador, e que edita a asociación cultural Pineiróns, vinculada á Illa de Ons. Esta distinción, con toda a nosa humildade, polo traballo que realizamos a prol da cultura de Ons, anima a seguir traballando e contribuíndo, coa nosa modesta aportación, a que se investigue dun xeito científico sobre as illas do Parque.

As arqueólogas, fixeron un percorrido polos catro anos de traballo realizado nas illas, facendo fincapé nos interesantes achados atopados en Ons, con respecto á Factoría Romana de Salga e aos chamativos resultados obtidos no Castro dos Mouros dende as primeiras escavacións.

Comentaron os traballos realizados en Sálvora e o comezo das primeiras catas en Cíes, informando das próximas escavacións no Castro de As Hortas, tamén en Cíes, e a continuación en Ons na primavera.

Curioso e importante foi coñecer o Proxecto “Sentinela”, onde explicaron a importancia dos bens que se localizan na zona de litoral das illas e que están a sufrir unha progresiva degradación e erosión por mor das mareas e a climatoloxía. Comentaron que este proxecto consiste no coñecemento histórico das illas e determinar o impacto que as mareas e o clima teñen sobre a preservación do patrimonio cultural destas.

Transcendental este proxecto para buscar unha solución ao cantil da praia de Canexol en Ons que, se non se lle busca remedio axiña, non só desaparecera este xacemento romano da salga, senón que afectará tamén ao camiño que vai de Curro a Pereiró, e quizais a algunhas das casas existentes a carón del.

**XUNTA DE GALICIA**  
**PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA**

### COÑECE O TEU PARQUE NACIONAL XORNADAS DE DIVULGACIÓN Á CIDADANÍA

#### Arqueoloxía no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (PNMTIAG)

PNMTIAG anuncia unha nova xornada de divulgación, na que a cidadanía poderá coñecer o seu patrimonio arqueolóxico, terrestre e subacuático.

As investigacións arqueolóxicas realizadas permiten obter información valiosa para poder aprofundar no coñecemento que se ten sobre a historia e a ocupación humana dos seus arquipélagos. Grazas a estes traballos arqueolóxicos executados nos últimos anos, podemos "reconstruír" parte da historia, modo de vida e costumes dos seus primeiros habitantes.

- Un balance de catro anos de proxectos arqueolóxicos no PNMTIAG
  - Relatoras: Patricia Vafe Abad e Nerea Ruonora Álvarez. Investigadoras arqueólogas do grupo GEAT. Universidade de Vigo.
  - Data e horario: Sábado, 30 de novembro, 10:00 a 13:30
- Arqueoloxía subacuática no PNMTIAG. Realidades e perspectivas
  - Relator: Miguel San Claudio Santa Cruz. Doutor en Ciencias da Antigüidade.
  - Data e horario: Sábado, 30 de novembro, 12:00 a 13:30
- Lugar: Auditorio da sede do PNMTIAG en Vigo.
- Obxectivo: Dar a coñecer as investigacións arqueolóxicas terrestres e subacuáticas realizadas nos distintos arquipélagos do PNMTIAG. Divulgar os resultados obtidos e o seu contido histórico.
- Prezo: 6\$. Inscripción previa.

Inscripcións:

**PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA**

### Antecedentes: o patrimonio cultural das illas

**Publicacións científicas e investigadores:**

- **Revista Aunios**
- "Notas do meu diario arqueolóxico" de Álvaro de las Casas. Revista Nós (1934)
- Publicacións de Paula Ballesteros
  - Capa 33. Estudo arqueolóxico do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia
- Plan Básico Autonómico da Xunta de Galicia
- etc.


**Actividades e investigación previas:**

- Campos de traballo no castro de Hortas (illas Cíes) por Manuel Valdeiras
- Escavacións de urxencia de carácter puntual (Illa de Ons)

Álvaro de las Casas, 1934



# ESPECIAL: XORNADAS NO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS. VIGO. (III)






A segunda charla desta xornada correu a cargo do arqueólogo e mergullador submarino Miguel San Claudio que falou sobre o importante número de pecios que se atopan nas proximidades das illas do Parque e o interese que o seu estudo representa para os historiadores e mergulladores.

Os que estamos interesados no submarinismo e na arqueoloxía submarina, xa coñecemos o traballo desenvolvido por San Claudio no Parque por medio do seu libro: "Arqueoloxía Subacuática no Parque Nacional das Illas Atlánticas".

San Claudio fixo un repaso histórico sobre a arqueoloxía submarina tanto en Galicia como nas illas do Parque e destacou a importancia de seguir investigando neste campo.

Resaltar que a charla fíxose curta, aínda que tiña unha hora e media. A parte final, dedicada ás illas, foi un pouco a correr, e podería resultar interesante, en especial, sobre a illa de Ons, neste intre que estamos a reivindicar que o Faro de Ons, agora automatizado e tan pronto como quede sen os fareiros, se lle busca unha saída como Centro Cultural, cunhas salas dedicadas a Museo dos Faros, dos Fareiros e dos Naufraxios e, sobre este último punto, San Claudio, podería axudar, dando ideas, por mor da súa experiencia.

Sería interesante sobre este tema dos Naufraxios do Parque Nacional, que o Parque organizara unha Mesa Redonda onde estiveran investigadores como Lino J. Pazos Pérez, Yago Abilleira, Ramón Patiño e San Claudio, á vez de grupos de mergullo que traballan por Ons como Club de Buceo Ons de Bueu, Portosub de Portonovo e Bahía Sub de O Grove, entre todos, seguro que se sacaban ideas e alternativas para un Museo dos Naufraxios no Faro de Ons.







**O “Yapeyú”.** Un amigo mandoume a foto, aparecida en Facebook, deste buque dedicado durante anos a levar galegos á emigración cara ás Américas. Lolita Aguín, unha meca que botamos moito de menos D.E.P., era moi ocorrente e enxeñosa e gustaba de escribir historias cotiás da súa vila meca. Brindounos con varios artigos na revista AUNIOS durante os anos 2010 a 2014. Nun deles contaba a historia dun veciño que embarcaba para Arxentina no <Yapeyú>. Así o narraba:



sempre ía descalzo- e vestía a roupa dos domingos.

-Vas o médico?, preguntéille.

-Non, voume con meus pais pa Bos Aires, voume pa sempre.

-Pa sempre?

-Si, nun barco moi grande que se chama Yapeyú. O Yapeyú sale de Vigo pero de aquí saímos no *coche de línea*.

-Entón irei a dicirche adeus ao *coche de línea*.

-Non, non veñas alí, que se chora moito. Choramos cando se foi meu tío tamén no Yapeyú. Case todos os de aquí que se foron pa Bos Aires embarcaron no Yapeyú en Vigo e nunca volveron, porque din que alí hai unha fartura para comer: carne todos os días, leite, pan branco..., e por iso meu tío nos mandou as pasaxes po Yapeyú, nos vamos pa sempre pa Bos Aires.

- Oíches Xouba, limpa os ollos, telos mollados .

-Non teño pano da man

-Espera que chos limpo eu co meu.

De repente todo quedou en silencio. Parecía que se foran todas xa. Mirei o mar a través da ventá mentres me vestía. De que cor está o mar hoxe mamá?

-Estará azul supoño

-Pois eu non o vexo azul. A miña avoa dicía que ninguén o ve da mesma cor, porque o mar non se ve só cos ollos...

Oín que me chamaban desde a rúa. Era o Xouba que me estaba esperando. Levaba tempo sen velo. Estaba moi peiteado, levaba unhas zapatillas novas -el que



### FOTOS CURIOSAS

O noso querido amigo Alvarito sempre pendente de enviarme algunha foto interesante que vai aparecendo no seu labor diario como lobo de mar.

Desta vez envioume unha dunhas nasas que largaron preto do praia de Samil e, como ben di, os mariñeiros deberían ser novatos e non se decataron que a marea soe baixar. A outra e un arroas atopado na Costa da Vela, ten pinta de que foi atacado por outro peixe maior.



# XANTAR DE NADAL DOS CAMAWEIS. 2024



Nestes xantares Camawuaianos, nunca falta a música. Contando desta vez cun veterano “bombeiro” outro máis mozo, o tamboril entre Nene e Maqui, ao saxo Mallo e a gaita Chayanne.




Un bo número de comensais Camawuaianos, deuse cita no Restaurante “Loureiro” de Bueu, onde degustaron mexillóns en vinagreta, gambas cocidas e á prancha, polbo a feira e a escoller Robalo e Carrilleras, regadas por viños galegos e algún da Rioxa, loxicamente, seguido de sobremesa, cafés e chupitos. E, ante todo, unha grande **CAMARADERÍA**





# Pequenas - grandes cousas



Sempre dixeron que: “*Las cosas de palacio van despacio*” e ben certo é. Ían a arranxar, xa o ano pasado, a zona de Curro, xa vai para dous anos. E a depuradora hai tres anos, e todo está parado. Logo virán os temporais, despois os turistas,... e un ano máis sen na.

Estas reunións fóra de tempada son fantásticas para poñerse ao día de como vai todo pola Illa. É o momento de que che pasen algunha foto destes meses, de facer comentarios,..., e de comprobar como as promesas que fan os políticos, van quedando en iso, palabras. Pero aquí estamos, esperando xa a chegada da Semana Santa e ver se antes celebramos o Entroido auniense tal e como se facía hai máis de medio século.



Javi Pazó, fillo de D. Diego Pazó, que trouxo o primeiro motor que deu luz en Ons e despois armou, cos seus motores mariños, as primeiras lanchas dos aunienses, mándanos esta felicitación de Nadal coa foto do seu veleiro “Cassandra”



Esta tempada están a visitar as nosas rías atúns de grandes dimensións. Este mallou nunhas redes no Cabo Udra, pesou máis de 300 Kg.



Boas capturas de percebe dos mariñeiros da confraría de Cangas no illote Agoeiro das Cíes. Tiña un tamaño excelente e alcanzou o prezo de 220 € o kg en lonxa. (16/12/2024) Sen embargo Ons sen percebe.  
*Que pasa no noso mar auniense?*

As edificacións que están enmarcadas en vermello son as que Colonización, a mediados da década de 1960, realizou na zona de Curro para uso e servizo dos veciños de Ons.

Diferentes circunstancias e, sobre todo, a emigración forzosa á que se viron abocados os aunienses por non dispoñer dun peirao de abrigo para a nova flota, fixo que estes inmobles, agás a escola e as casas dos mestres, durmiron un soño letárxico de inutilidade durante case dúas décadas.



A partir de 1980 a administración xestora foise facendo con elas e chegados os 90, case tiñan todo ocupado. Foi entón cando a Asociación Veciñal “Illa de Ons”, solicitou un espazo para as súas reunións, garda de materiais,..., pasando a utilizar o espazo da escola que hoxe acolle a sala de usos múltiples do C. de Visitantes.

Pois ben, neste xantar-xuntanza xa comezamos a escoitar que os veciños necesitan un espazo para as súas reunións e actividades na Illa e, segundo parece, dende a nova asociación veciñal van solicitalo a Parques.

Dende a miña modesta opinión, se eses inmobles foron feitos para uso veciñal, coido que teñen dereito a solicitar un lugar para o seu uso.



# BOAS FESTAS

## PEDIMOS

Que para o próximo ano **2025**,  
este monumento pétreo,  
que ilumina e guía ás xentes do mar,  
agora automatizado,  
a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra,  
PERMITA, que as instalacións interiores,  
que non necesite para o seu bo funcionamento,  
podan utilizarse para **Museo dos  
Faros, dos Fareiros, dos Naufraxios e  
Biblioteca especializada  
con espazo para investigación.**

**Saúde e sorte para o 2025**



MINIXORNAL **"ONSTOPUS"**

ASOCIACIÓN CULTURAL **"Pineiróns"**